

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE TEO**

*ANUNCIO de modificación da porcentaxe de reserva total do solo para vivenda pública establecida no Plan xeral de ordenación municipal.*

Considerando o disposto no artigo 42.9 da Lei 2/2026, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), así como no artigo 77 do Regulamento da Lei do solo de Galicia (RLSG), o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 27 de maio de 2026, acordou modificar a porcentaxe de reserva total do solo para vivenda protexida do municipio establecida no Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Teo, no sentido de fixar a dita porcentaxe no 8,10 %, de acordo coa Resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo do 25 de marzo de 2025 (DOG núm. 69, do 9 de abril), de modo que as porcentaxes do 20 % e do 30 % do PXOM quedan substituídas polo citado 8,10 %.

De conformidade cos artigos 82.2 da LSG e 199.2 do RLSG, así como cos artigos 70.ter da Lei reguladora das bases do réxime local, 87 da LSG, 206 do RLSG e 25.4 do texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, o referido acordo plenario atópase dispoñible na sede electrónica do Concello de Teo ([https://sede.teo.gal/sxc/gl/informacion/tablon/2026/ANUNCIO\\_PROG\\_20260528143010329.html](https://sede.teo.gal/sxc/gl/informacion/tablon/2026/ANUNCIO_PROG_20260528143010329.html)).

Contra o devandito acordo, que pon fin á vía administrativa e que aproba unha disposición de carácter xeral, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta publicación, de acordo co disposto nos artigos 84.1 da LSG, 201.1 do RLSG, 112.3 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas e 10 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se considere procedente.

Teo, 28 de maio de 2026

Lucía Calvo de la Uz  
Alcaldesa

